

BLOQUE 2: COÑECEMENTO E REALIDADE

UD 4: A REALIDADE E O SEU COÑECEMENTO



1.- UN POUQU DE METAFÍSICA

A metafísica é unhas das partes máis complexas da filosofía porque é moi abstracta e a cultura occidental non tende á abstracción, mais ben a rechaza.

Conceptos Básicos

- **Transcendente:** O termo ven do latín *transcendens* (*superar, exceder, ser mellor que outros, estenderse*). Indica a idea de ir mais aló do perceptible a través dos nosos sentidos e das posibilidades do intelixible (comprensión). O transcendente opónse ao inmanente: é aquilo que se atopa «por encima» do puramente inmanente.

- **Inmanente:** é a **realidade**, todo o que hai; o que existe, o **ontolóxico**. Podemos falar de realidade en dous sentidos:

. Realidade obxectiva: todos os seres vivos ou non vivos que existen; todo o que ten materia.

. Realidade subxectiva: a maiores do anterior, inclúe ideas, fantasías, sentimentos, relacións, produtos culturais ...

O primeiro filósofo que fai unha teoría completa sobre a realidade (a ontoloxía) e aquilo que a transcende, é Platón. Platón é, pois, o primeiro metafísico.

- **Ser:** todo o que hai ou existe é SER. O SER abarca toda a realidade. Todo o real é polo tanto todo o que ten ser; todo o que é. Nada é se non ten SER. O SER non se identifica con ningunha das súas formas. Ás formas do SER denominámoslles **entes**. Ningún ente é o SER. A suma de todos os entes tampouco é o SER. Pero o SER non existe fora dos entes. O concepto de SER non é **unívoco** (non ten un só sentido) nin **equívoco** (os seus sentidos non son contraditorios).

O ser sempre se di de algo, non hai ser abstracto. Ese algo é a SUBSTANCIA.

- **Substancia:** é aquilo que subsiste e que persiste aos cambios aparentes. É o soporte que perdura aos accidentes (que son as cousas que lle suceden á substancia). A substancia é substrato. A substancia é , persistencia; os accidentes son cambios, evolución. Podemos dicir que a substancia é o suxeito a quen lle acontecen os cambios.

SUBSTANCIA	María
ACCIDENTE	Alta, loira, con gafas, de 6 anos, traballadora, sentada, durmida, famenta....

- **Unidade/Pluralidade:** Os primeiros filósofos (os presocráticos), intentan explicar a pluralidade do universo dunha maneira racional. Pensan que a realidade aparente (o que vemos e sentimos con toda a súa diversidade e pluralidade) debe de poder explicarse a través dunha materia prima única orixinal. A este primeiro principio o denominan ARXÉ. O que están a buscar é a orixe da pluralidade do universo: como se pasa da materia única á diversidade.

- **Realidade/Aparencia:** Durante moito tempo a humanidade deu por sentado que a realidade era como aparentaba (tal como a percibiamos): era así porque así a captábamos. Algúns gregos pensaron que a realidade que vemos só era unha aparencia captada erroneamente por os nosos sentidos. A verdadeira realidade só podía captar a través da razón porque os sentidos engánanos. A realidade verdadeira estaba oculta baixo a aparencia e debíamos descubrila. Esta contraposición intensificouse durante a filosofía moderna cando empezaron a pensar que quizás a realidade non era como nos a captábamos; que eran a nosa maneira de coñecer a que lle daba unhas características que non eran súas senón nosas. A culminación deste pensamento é a filosofía de Kant.

- **Permanente/Cambiante:** Existe unha realidade aparente que captamos a través dos nosos sentidos, onde todo é cambiante, todo é corruptible, todo muda, a transformación é constante. Pero por debaixo do fluxo cambiante subsiste algo que soporta o cambio e que permanece: é a substancia. Para algúns filósofos o importante é o fluxo, o cambio, e o que permanece é unha invención humana. Para outros, en cambio, os cambios son mera aparencia, son enganos dos nosos sentidos, e o único real é o que persiste.

- **Esencia/Existencia:** A esencia é a definición do que unha cousa é. A existencia é só a propiedade de existir de esa cousa. Algúns filósofos pensaron que as esencias eran anteriores ás existencias; é dicir que: antes de existir xa había unha esencia previa de esa cousa. Outros pensaron que esencia e existencia van unidas e son inseparables (só as separamos nós na nosa mente). No século XX (o Existencialismo) dirá que o SH nace sen esencia algunha e é ao longo da súa vida (da súa existencia) que vaise conformar a súa esencia.

- **Ser continxente/Ser necesario:** Un ser continxente é aquel que existe pero podería non existir, asúa existencia non é necesario. En cambio nun ser necesario a existencia é unha característica

imprescindible. Na filosofía da Idade Media o único ser necesario era Deus; o resto de seres eran creados por el e eran prescindible (a súa existencia ou non non cambiaba o curso dos acontecementos).

2.- O SER NECESARIO

2.1.- Posicións ante a existencia de Deus

O concepto de un ser creador, onnipotente e omnisciente atravesará a historia da humanidade. Pensadores, épocas e movementos entenderon este concepto de maneiras moi diversas. Para algúns forma parte do carácter transcendental e espiritual do SH que non pode non manifestarse; para outros forma parte da alienación humana e é pura falsidade. Podemos resumir as posicións da seguinte maneira:

TEÍSMO	Cre nun Deus persoal, sobrenatural e transcendente. É un Deus creador que o fixo aparecer todo dende a nada de maneira voluntaria, preestablecida e con intencionalidade. Este Deus goberna e cuida do universo; nada sucede nel que el non decida. Este Deus é o das relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo, catolicismo, islam, etc.
DEÍSMO	Cre nun Deus que é causa e orixe do universo. É transcendente pero non é persoal. Non podemos ter ningún coñecemento sobre el e por tanto, máis alá de saber que é responsable do universo, non sabemos que relación ten co mundo. Este Deus non crea voluntariamente e non ten coidado nin interese no mundo; a súa esencia é crear e non pode evitalo, pero non é intencionado. É o Deus de moitas escolas helenísticas.
PANTEÍSMO	Deus é sinónimo de Natureza. Creador (Deus) e creado (universo) son o mesmo: dúas caras da mesma moeda, dúas manifestacións do mesmo ou dúas perspectivas distintas. Este Deus, evidentemente, non é persoal: só podemos saber del a través de como se mostra nas outras manifestacións (a natureza). Tampouco é transcendente: non está por “enriba” da realidade. A outra consecuencia é que toda a natureza é divina porque todo é Deus. Todos somos Deus e ninguén o é completamente. Este concepto de Deus parte de algunhas escolas helenísticas e sobrevoa o cristianismo durante os primeiros séculos, pero parte da Igrexa loitará contra este Deus por seren moi perigoso. Finalmente será desterrada e considerada sacrilexio.
AGNOSTICISMO	Non podemos nin afirmar nin negar a existencia de Deus. O SH non ten capacidades para resolver esa cuestión. Moito menos pode saber como sería ese Deus.
ATEÍSMO	Nega a existencia de Deus e de todo o transcendente. O único real é a realidade sensible, o mundo material. O concepto de Deus é un construtor humano.

2.2.- Probas da existencia de Deus

Non contentos con postular a existencia dese ser sobrenatural, a humanidade intentou, durante moitos séculos, demostrar a súa existencia para que nada nin ninguén a puidera cuestionar. Fundamentalmente durante a Idade Media intentouse demostrar racionalmente a existencia de Deus. Pretendían que esas demostracións fosen consideradas científicas. A posibilidade de “demostración científica” perde valor a partires do século XIV cando fe e ciencia sepáranse. As principais vías usadas foron:

A HARMONÍA DO UNIVERSO	É a máis antiga. Tanta beleza, perfección e harmonía do universo é imposible que sexa froito do azar. Ten que haber algunha intelixencia capaz de pensar e crear un universo coma este e ten que ser un ser todopoderoso e bondadoso; é dicir Deus.
O 1º MOTOR INMÓBIL	A defenderon tanto Aristóteles coma Tomás de Aquino. Todo efecto ten unha causa. Nada é causado por nada. A relación causa-efecto ten que ter unha orixe, un punto primeiro onde se inicie, unha causa incausada ou un primeiro motor que inicia o movemento pero que non é movido por ninguén; a física precisa, fai necesario postular a idea de Deus.
O ARGUMENTO ONTOLÓXICO	O máis novo. Defendido por Anselmo no s.XII que tivo moito éxito e que usou o propio Descartes xa no s.XVII. Se existe nas nosas mentes a idea dun ser perfecto,omnisciente, onnipresente, todo poderoso ... ten necesariamente que existir. Se non existira este ser non sería perfecto de todo, xa ca existencia é un mérito máis da perfección.

